



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza renuncia ás asignacións económicas municipais durante a crise e doarás a fins benéficos e colaborativos

Saleta Fernández e Santi Martínez, concelleiros/as de Veciñanza, renuncian ás asignacións económicas que lles corresponden por pertenza a órganos colexiados dende o 1 de xaneiro de 2020 e ata a fin do Estado de Alarma. As cantidades serán doadas como contribución solidaria na crise sanitaria do coronavirus.

Cuntis, 3 de abril de 2020. A O Grupo Municipal de Veciñanza na Corporación de Cuntis, integrado por Saleta Fernández e Santi Martínez, decidiu **renunciar ás asignacións municipais correspondentes á asistencia a órganos colexiados a percibir dende o 1 de xaneiro de 2020 ata a fin do Estado de Alarma e destinar as cantidades correspondentes a entidades que durante esta crise están a sufrir maiores dificultades e que redobran esforzos para seguir sostendo as necesidades básicas nesta situación de excepcionalidade.**

A medida foi aprobada polo conxunto da asemblea e nos vindeiros días concretarase as condicións desta doazón. Trátase dun xesto humilde que busca facer unha modesta achega en tempos nos que todos e todas estamos a atravesar unha situación delicada. As asignacións municipais correspondentes xa non eran percibidas polos concelleiros/as, tal e como recolle o código ético da agrupación municipalista, senón que eran cedidas integramente ao funcionamento político e orgánico de Veciñanza. Agora, **as cantidades correspondentes de todo o que vai de 2020 e ata que a institución municipal recobre a normalidade serán cedidas a un fin benéfico e/ou colaborativo.**

Dende o comezo da crise sanitaria Veciñanza vén mantendo unha posición de lealdade co goberno municipal, poñéndose a disposición deste dende o primeiro día e colaborando na medida das posibilidades, por exemplo, na difusión de información de servizo público ou con aportacións ás medidas decretadas polo Concello de Cuntis en materia de servizos sociais. Do mesmo xeito, Veciñanza agradece a información puntual e a comunicación constante que está a recibir diariamente por parte do Alcalde de Cuntis.

Convencidas de que atendendo as instrucións das autoridades poderemos saír das dificultades en poucas semanas, Veciñanza reitera **o máis sincero agradecemento a todas as persoas que, durante estes días e entre enormes dificultades, están a traballar nos servizos e actividades esenciais que nos permiten a todos/as satisfacer as necesidades básicas.**

Son os valores da comunidade os que realmente importan nas situacións máis difíciles. É a clase traballadora a que nos mantén con vida cando esta se complica.

